

Lingua galega e literatura *CONCEPTOS PREVIOS*

Escolle (rodeando a letra da entrada) a opción que mellor recolla a túa idea.

1. Estudiar Lingua e literatura serve para:
 - a. Só para corrixir os erros que cometemos ao falar e ao escribir e saber cales son os autores e as obras da literatura culta.
 - b. Non serve de moito na sociedade cambiante e tecnolóxica na que estamos.
 - c. Mellorar a comprensión de calquera texto e a expresión nos seus distintos rexistros, achegarse á creación literaria, etc.
2. O nivel ou rexistro culto da lingua debería empregarse:
 - a. Sempre que se poida, porque canto máis culto máis correcto.
 - b. Practicamente nunca se non se quere, o uso dos rexistros é libre.
 - c. Nos contextos formais como a documentación, os medios de comunicación, o ensino, etc.
3. Entendemos por diglosia:
 - a. A dificultade na aprendizaxe da lectura e a escritura debido a causas neurolóxicas que provocan confusións de letras e sons.
 - b. A renuncia ao uso da lingua propia en contextos nos que se considera máis apta (que non máis comunicativa) a que ten máis prestixio social.
 - c. O emprego de dúas linguas (oficiais nun territorio) no intercambio social con distinta competencia -é dicir, coñecendo unha mellor cá outra.
4. Os Séculos Escuros son un período histórico no que o poder do Estado castelanista instaurado polos Reis Católicos foi:
 - a. Facendo que o galego case non se falase ao perder o seu prestixio entre toda a poboación.
 - b. Marxinando o galego entre as clases cultas de Galiza, o que fixo que case non existise literatura.
 - c. Condicionando todo o que se escribía de tal maneira que só haberá textos de moi difícil comprensión.
5. Que son os recursos estilísticos do xénero poético?
 - a. A intención que ten o poeta de mostrar os seus sentimentos máis íntimos.
 - b. A disposición espacial correcta dos versos, situándoos de acordo con criterios métricos.
 - c. A presenza de repeticións como o paralelismo ou figuras como a metáfora para realzar a mensaxe.
6. Imaxina que tes que estudar o xénero e o número do substantivo e adxectivo. O tema inclúe que son o xénero e o número, os tipos, cales son as regras de formación e exemplos. Escolle **unha** destas tres formas de facelo:
 - a. Mediante o subliñado comprensivo e posterior esquematización.
 - b. Mediante a repetición constante para a memorización da explicación do profesor ou do libro.
 - c. Non se precisa técnica ningunha, abonda co que se escoita na clase.

Le atentamente este fragmento dunha carta adaptado da novela *Irmán do vento*, de Lourenzo González.

Benquerido Alberte:

Meira, o arqueólogo, tamén me ten falado de Bagdad en diversas ocasións. Contoume que parara pouco tempo **alí**, xa que o **seu** non son as pedras modernas, senón as vellas, pero fíxolle ilusión coñecer os lugares onde transcorrían os relatos de *As mil e unha noites*. Disque en Europa é o libro de contos máis **lido** e todo o mundo coñece o pasado mítico dos árabes a través del; porén, poucos coñecen a nosa realidade presente. A min resúltame curioso que o libro de contos máis popular en Europa sexa un libro árabe. Pero sei a que se debe. **Segundo** os meus manuais de Historia, na época dos abassidas o reino do Islam chegaba ao oceano Atlántico. No sur de Europa, unha **gran** parte da actual España era unha provincia do noso imperio: o emirato de Córdoba. Cando a ocupamos, era un territorio desartellado, atrasado e inculto. Os árabes dotámolo de organización política, de leis, de cultura; construímos palacios, mesquitas, xardíns que aínda hoxe son admirados; convertemos un **ermo** nun verxel florido. E a través del, estendemos a todo o Occidente a nosa civilización, a astronomía, a medicina, o cálculo. E, por suposto, as nosas tradicións literarias. *As mil e unha noites* é **unha** herdanza dese fértil pasado común entre cristiáns e musulmáns.

En fin, estou seguro de que ti non es dos que xustifican a guerra. Nin esta nin ningunha outra. A televisión e a radio transmítennos noticias das manifestacións que **se** organizan por todo o mundo en contra do ataque [de EE.UU. e aliados -entre eles España- a Iraq] e ás veces imaxínote nunha delas berrando no nome da paz. Xa sabes canto me gustaría coñecerte, Alberte, e rezo por poder viaxar a Galicia ou que ti fagas un alto nos teus estudos e veñas ao Iraq e nos coñezamos. Debes saber que te considero un irmán, o meu irmán maior, e que a miña casa é a túa e os meus amigos, os teus. E que, aínda que hoxe as circunstancias fan que sexas o meu inimigo, mañá volveremos convivir **en** paz.

Que Allah sexa contigo, compañeiro.

COMPRESIÓN

1. Enuncia coas túas palabras a idea principal do primeiro parágrafo. [interpr. e síntese]
2. A que se alude no texto coas palabras *pedras modernas*? E con *[pedras] vellas*? [inferencia]
3. Explica ben por qué o remitente desta carta lle chama a Alberte -o destinatario galego- *inimigo*. [inferencia e razoam. lóxico]

EXPRESIÓN

4. Dá a túa opinión sobre as (sen)razóns das guerras, en forma de carta ou artigo.

GRAMÁTICA

5. Di que tipo de palabras é cada unha das que aparecen en negriña no texto.
6. Localiza na oración subliñada o SUXEITO, o NÚCLEO do PREDICADO, o CD e o CI.

LITERATURA

7. Na época na que o Islam ocupaba o sur da península ibérica, en Galiza e Portugal cultivábase unha moi rica literatura. Cal e con que formas? Cita e explica tamén algún recurso estilístico moi empregado nese tempo.